

Textos escritos



Descritivos

Teñen como obxectivo principal comunicarlle ao receptor as calidades dunha persoa, paisaxe ou un animal entre outros moitos.

Hai que seleccionar os trazos máis característicos do obxecto a describir.

Este tipo de texto pode estar integrado ou formar parte de textos narrativos, poéticos ou nas acotacións teatrais entre outros.

- **Introdución:** na primeira parte vaise facer unha presentación xeral do tema a describir.

- **Desenvolvemento:** neste apartado, e co uso dos conectores e adxectivos, vaise ir explicando e describindo o tema escollido. O texto ten que transmitir as calidades e propiedades do tema.

- **Conclusión:** como en moitos outros textos, nesta parte recollese un breve resumo do tema descrito e finalízase o texto.